

## Traballos de homes e traballos de mulleres?

Nome do equipo \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

- 1. Existen traballos que, tradicionalmente, se consideraron «para homes», e outros, «para mulleres». Da seguinte lista de actividades profesionais, sinalamos cunha cruz quen cremos que é máis apropiado para realizalas: o home, a muller ou calquera dos dous. Completamos a táboa individualmente e despois debatemos cos compañeiros.**

Traballo	Home	Muller	Ambos
Cultivar a terra.			
Arranxar aparellos electrónicos.			
Peitear e cortar o pelo.			
Conducir autobuses.			
Construír casas.			
Coidar e educar nenos.			
Pilotar un avión.			
Coidar enfermos.			
Limpar casas.			
Apagar incendios.			
Coidar xardíns.			
Viaxar ao espazo.			

- 2. Cres que hai traballos que soamente poden desempeñar os homes ou as mulleres? Por que?**

---



---



---



---

## Traballos de homes e traballos de mulleres?

Nome do equipo \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

- 3. A pesar dos estereotipos e prexuízos, hai moitos homes e mulleres que desenvolven o seu traballo en ámbitos que non se consideran propios do seu sexo. Lemos este texto e respondemos as preguntas.**

### Unha muller excepcional

Katharine Graham naceu en 1917. Estudou xornalismo e foi editora e a propietaria principal dun dos xornais máis importantes do mundo, *The Washington Post*, que seu pai adquirira en 1933, cando o xornal atravesaba unha complicada situación económica.

En 1963, ao morrer o seu marido, daquela director do xornal, Katharine Graham asumiu a presidencia da empresa. Naquela época tivo que enfrontarse a unha gran cantidade de críticas que, por ser muller,

cuestionaban a súa capacidade de xestión e emprendemento.

Non obstante, ela foi quen de sacar adiante *The Washington Post* e tomou decisións moi importantes que o converteron nun xornal de prestixio. Ademais, en 1998 publicou a súa autobiografía, titulada *Personal History*, coa que gañou o Premio Pulitzer, moi apreciado en todo o mundo. Actualmente, *The Washington Post* é un dos xornais máis influentes da prensa internacional.

- De quen fala o texto? Que se destaca sobre esa persoa?

---



---

- Por que foi criticada? Tiñan razón as persoas que a criticaron? Por que?

---



---

- 4. Buscamos exemplos doutros profesionais que triunfaron en traballos que se consideraban pouco apropiados para o seu sexo.**

---



---



---